

A sebardá no puño, poemario póstumo de Alexandre Cribeiro

Xosé Manuel Beiras

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

BEIRAS, XOSÉ MANUEL (2012 [1995]). “*A sebardá no puño*, poemario póstumo de Alexandre Cribeiro”. *Dorna*: 21, 11-12. Reedición en *poesiagalega.org*. Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura.
<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/1947>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

BEIRAS, XOSÉ MANUEL (1995). “*A sebardá no puño*, poemario póstumo de Alexandre Cribeiro”. *Dorna*: 21, 11-12.

* Edición dispoñíbel desde o 13 de marzo de 2012 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

A SEÑARDÁ NO PUÑO, POEMARIO PÓSTUMO DE ALEXANDRE CRIBEIRO

Xosé Manuel Beiras

Aguiar - Brión, outubro do 1995.

*"Se souberas...
cómo me doe a dor da túa dor
pasada,
qué baleiro de verba se produce
se te lembro.
Se souberas..."*

Vai pra dous anos disto. Aparecera Alexandre pola nosa casa un día tal como il adoitaba facer: inesperadamente e sen outro obxecto que vérmonos e parolar a eito. Nos últimos anos, podían pasar meses sen sabermos nada dil, ao sumo unha chamada dende calquera sitio case que sempre insólito onde fora rodar, facer tomas ou escoller escenarios pra algunha produción. E logo un día calquera petaban á porta da casa nosa de Aguiar, e era il, só ou na compañía da Susana. Así fora tamén desta vez. Falamos de todo, preguntárame por todo, fixérame pór o video do recente debate de investidura, só as miñas intervencións, coma outras veces, emocionarase até as bágoas, apostrofara cun escolleito mangado de epítetos ao seu odiado caifás, bebera varios cascos de cervexa coruñesa, nós outro tanto de viño miñoto, e logo relembráramos longamente xuntos ao Avilés, esa encarnecida dor sen taxa compartida polos tres. Chegado o intre de partir, collérame polo brazo á parte, puxérame nas mans unha delgada carpeta azulgris, e espetárame como se á cousa fose a máis natural e frecuente do mundo: "Quero que leas eses poemas pra me facer un prólogo. Voullos dar a editar ao Fernan-Vello, mais inda teño que facerlles correccións, darlles algún retoque e se cadra engadir algún máis. Cando sexa, avisareite. Con todo, vainos lendo". Como se algo así acontecese a miúdo: había ben anos que o Cribeiro non escribira poesía, que eu soubese -pra canto máis un poemario completo.

Pasaron meses sen volvérmonos ver. Chamou algunha vez, chameino tamén eu a Pontevedra anque case nunca dei con il; faleille dos poemas, pergunteille polas correccións e as engádegas, ía remesarmas, dicía. Non o fixo. Ao cabo pergunteille ao Miguel Anxo: tamén il estaba á espera. Seguiu o tempo a pasar, a fuxir.

Un serán cheguei á casa ben tarde xa. Chamara Susana dúas veces, díxome Aurichu. A primeira só preguntara por min. A segunda, como eu seguía

sen chegar, contáralle a Aurichu que o Cribeiro levaba uns días internado no hospital de Pontevedra e acababa de entrar en coma. Non quixera avisar aos amigos de que estaba gravemente enfermo. Nen sequera cando xa o ingresaran lle permitira a ela avisalos. Só que cando se aveciñase o fin, se il perdía a consciencia, que llo comunicase ao Ferrín e máis a min. Mais que de ningún xeito acudísemos ao hospital. Telefonei no intre ao Ferro. Pergunteille que facíamos. Díxome con voz rouca: "cumprirmos o seu desexo". Ao día seguinte, a chamada da Susana foi pra nos dicir que o Alexandre morrera xa.

Así era il: esa galanura rexa, a cortesía do corazón levada á estrema do reparo absoluto en mancar os amigos máis queridos e confidenciais coas mágoas propias, o absoluto pudor da amizade máis franca.

Cando Ramón Lorenzo, a fins do vran, me confiou que se preparaba un volume de *Dorna* dedicado a Cribeiro e convidoume a unha colaboración literaria propia, conteille o deste poemario póstumo e aínda inédito seu que eu posuía, e suxerínlle que a mellor aportación miña –pois eu literato non son– podía ser a de mensaxeiro do Alexandre dende o alén. Propúxenlle facer eu unha escolma deses poemas e dalos ao prelo en *Dorna*, como primicia do libro que logo sairá en "Espiral Maior", poisque tanto Fernan-Vello coma min coidamos que cómpre cumprirmos a vontade do Cribeiro, mesmo se a súa morte impediu que chegásemos a dispor das correccións definitivas e engádegas que o autor tencionaba facer: se il as consideraba precisas, eu non podo converter a carencia delas nunha condena deste fermoso e punxente orixinal ao inferno do esquecemento na mudez.

O título do poemario é *A seña dá no puño*. Escollín nove dos vinteoito poemas que o compoñen. Veleiquí van coa numeración ordinal que il lles puxo no orixinal. Inda que á marxe do texto figuran algunhas anotacións e mesmo algunha que outra variante léxica alternativa, eu optei por transcribir literalmente o corpo do texto mecanografado dos poemas, sen absolutamente ningunha intervención miña modificadora desa literalidade, nen morfolóxica nen tan sequera de grafía, por respecto ao autor e até que, co Fernan-Vello, decidamos qué solución lle damos no seu caso á consideración das anotacións marxinais para a publicación en libro do poemario completo. Só intervín, pois, no tocante á escolma: se acertei ou non nela, terá o lector ocasión de xulgalo cando se edite en "Espiral Maior" esta póstuma *A seña dá no puño* de Xosé Alexandre Cribeiro, o rapaz de antonte que, cando o servizo militar na "marina", aló polos anos cincuenta, se agachara con Antón Avilés no pañol de lonas durante un día e unha noite enteiros pra non xuraren unha bandeira que non era a diles –pasase o que pasase.